

Xestores de varias reservas da biosfera xúntanse en Lugo

► Humanidades acollerá un congreso sobre estas áreas e a integración no entorno

MAR M. LOUZA O

LUGO. O municipio de Lugo está integrado, xunto con outros 25 da provincia situados arredor do río Miño, na reserva da biosfera Terras do Miño, un área recoñecida pola Unesco polas súas características ambientais. A xestión destas zonas e a súa integración na contorna, así como as oportunidades económicas que representan, centrará un congreso que se celebrará en Lugo o sábado. A xornada reunirá, entre outros, a representantes de diversas áreas que obtiveron este recoñecemento para intercambiar experiencias.

En palabras de Urbano Fra, membro do comité organizador desta iniciativa, o obxectivo é «ver non só a parte ambiental das reservas, senón como se integra na ordenación do territorio e como se pode orientar ao desenvolvemento económico». Haberá dúas mesas redondas, e nunha delas participarán membros das reservas de Allariz; Río Eo, Oscos e Terras de Burón; Gêres-Xurés; e de Terras de Miño e Ancares, estas dúas últimas dependentes da Deputación de Lugo. Entre elas compartirán modelos de xestión e problemas e dificultades.

A segunda mesa redonda incluírá as intervencións de alcaldes de municipios incluídos nas redes da biosfera e estará moderada por un membro do órgano de xestión da illa da Palma.

No apartado de conferencias, incluírase a dun membro do Organismo Autónomo Parques Nacionais, que falará sobre as perspectivas da figura de reserva da biosfera que ata agora só contemplaba a Unesco e que agora tamén se recoñece a nivel nacional. Neste relatorio, os organizadores esperan coñecer os plans do Ministerio de Medio Ambiente para estas áreas.

A segunda intervención será a dun membro do Consello de Estado, un órgano asesor do Goberno que elaborou informes sobre o papel da muller na explotación destas áreas. No seu relatorio, explicará tamén o anteproxecto de lei que regulará a titularidade das explotacións agrarias, nun intento de incrementar o papel da muller neste campo, dado que na maioría dos casos son unicamente os maridos quen figuran á fronte.

O congreso enmárcase dentro do proxecto e+miño financiado pola Fundación Biodiversidade do Ministerio de Medio Ambiente, coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela e coa colaboración da Consellería de Traballo e o Grupo de Desenvolvemento Rural Terra Chá.



Unha paraxe incluída en Terras do Miño.